

Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DOS PROCESOS SELECTIVOS DE 2 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO E 1 PRAZA AUXILIAR ADMINISTRATIVO, QUENDA P.I. OPE 2020 (AMPL)

ANUNCIO

A concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura , en data 6/04/2021 ditou a seguinte resolución:

Número de expediente:2021/PROCESOSELECTIVO/000003

2021/PROCESOSELECTIVO/000005

“RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E A COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS PARA CUBRIR DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL E UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OEP DO ANO 2020, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA

Publicadas no BOP núm.34, do 19 de febreiro de 2021, as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para acceder a diversas prazas no Concello de Pontevedra incluídas na ampliación da OEP do ano 2020, realizados os trámites pertinentes para a formación dos Tribunais cualificadores e finalizado o período establecido para a presentación de instancias (do 09/03/2021 ao 29/03/2021, ambos inclusive), esta Concellería delegada, de conformidade coas bases aprobadas e en exercicio das súas atribucións delegadas mediante Decreto da alcaldía de data 15/06/2019,

RESOLVE

Primeiro.- LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.-

Aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ás probas de selección convocadas para a cobertura de dúas prazas de administrativo/a de administración xeral e unha praza de auxiliar administrativo/a, incluídas na ampliación da oferta da OEP do ano 2020, pola quenda de promoción interna, segundo se relacionan a continuación:



Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

**PRAZA: ADMINISTRATIVO/A
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (2 PRAZAS)**

ASPIRANTES ADMITIDOS/AS

1 CARRASCO COUSELO, MARÍA

2 LÓPEZ FERRO, OLGA MARÍA

ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS

1 SOUTO TOBÍO, VALERIA (1)

**PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA (1 PRAZA)**

ASPIRANTES ADMITIDOS/AS

1 BARCIELA BALADO, CLARA

2 CÓRDOBA DÍAZ, MARÍA CELIA

3 DURÁN PENABAD, ANA MARÍA

4 POLO PUIG, BEATRIZ

5 PORTELA SABAJANES, MARTA

ASPIRANTES EXCLUÍDOS/AS

Ningún

Segundo.- MOTIVOS DE EXCLUSIÓN E RÉXIME DE SUBSANACIÓN.-

(1) Por non reunir os requisitos sinalados nos apartados 1) e 2) da base específica 3ª b)

De conformidade co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, os aspirantes excluídos ou aqueles que puideran resultar omitidos, por non figurar na relación provisional de admitidos ou de excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para ditos efectos deberá presentarse a documentación correspondente no Rexistro Xeral deste Concello ou nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, no prazo sinalado.



Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

Advírtese aos interesados que, de non procederse á subsanación, en cada caso de que corresponda, serán declarados definitivamente excluídos.

Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a relación provisional de admitidos e excluídos da presente resolución, de non presentarse reclamación algunha, esta lista provisional elevarase a definitiva. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución, estimándoa ou desestimándoa.

A resolución pola que se resolvan as reclamacións, aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e publicarase no BOP e no Taboleiro de editos do Concello.

Terceiro.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

Os tribunais cualificadores dos procesos selectivos convocados quedarán integrados da seguinte forma:

PRAZA: ADMINISTRATIVO/A
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA 2 PRAZAS

Presidenta:

- Dona Raquel Troitiño Rey, técnica media de xestión do Servizo de Coordinación Tributaria do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don José Francisco González Neira, xefe do Servizo de Contratación do Concello de Pontevedra.

Secretario:

- Miguel Angel Barros Castro, administrativo do Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona Patricia Torres Abuín, administrativa xefa de negociado do Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra

Vogais:

- Don José Ángel Limeres González, xefe de negociado de actas do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona Beatriz Claro Samaniego, administrativa xefa de negociado do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais do Concello de Pontevedra.

- Dona María Dolores Mosquera Barahona, xefa de negociado do Servizo de Inspección Tributaria do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente dona Mercedes Seijo Orjales, técnica media de xestión do Servizo de Persoal Concello de Pontevedra.

- Don José Angel Ferreira García, administrativo xefe de negociado do Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Carlos Alvarez Amoedo, administrativo xefe de negociado do Servizo de Tesouraría e Recadación do Concello de Pontevedra.



Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

**PRAZA: AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A
QUENDA PROMOCIÓN INTERNA 1 PRAZA***Presidente:*

- Dona Encarna Dapena Losada, xefa do Servizo de Educación e Promoción Económica do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Jose Carlos Castiñeira Piñeiro, secretario da administración municipal do Concello de Pontevedra.

Secretaria:

- Dona Eva Córdoba Márquez, xefa de negociado do Servizo de Urbanismo, Medio Ambiente e Patrimonio Histórico do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente María del Carmen Quintáns Graña, administrativa xefa de negociado do Servizo de Xestión Tributaria do Concello de Pontevedra.

Vogais:

- Dona Beatriz Claro Samaniego, administrativa xefa de negociado do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais do Concello de Pontevedra, sendo a súa suplente Mónica Pardo Lázara, administrativa xefa de negociado do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais do Concello de Pontevedra.

- Don Luis Fernando Álvarez Vilariño, administrativo xefe de negociado do Servizo de Contabilidade do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don José Rosales Sueiro, administrativo xefe de gastos do Servizo de Contabilidade do Concello de Pontevedra.

- Don Miguel Angel Rodríguez Baquero, administrativo xefe de negociado do Servizo de Deportes do Concello de Pontevedra, sendo o seu suplente don Manuel Angel del Río Fernández, xefe de negociado do Servizo de Xestión Tributaria do Concello de Pontevedra.

Os membros do Tribunal cualificador poderán ser recusados, cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Cuarto.- A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de anuncios da casa do Concello de Pontevedra sita na rúa Michelena, 30 e no taboleiro de anuncios electrónico (<http://sede.pontevedra.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>), e de forma complementaria poderase publicar no apartado de información sobre emprego da sede electrónica xunto coa información do proceso selectivo (<http://sede.pontevedra.gal/public/dynamic/transparency/employment/>).

Quinto.- Sen prexuízo do establecido nesta resolución en relación co prazo de presentación de subsanacións ou reclamacións á relación provisional de aspirantes admitidos ou excluídos, contra o apartado no que se aproba a designación dos membros do tribunal cualificador, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento



Venres, 9 de abril de 2021

Núm. 66

administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o ordena e dispón a concellería delegada no exercicio das súas atribucións delegadas, ante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente resolución.”

